



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Aprobación de contías por asistencia a órganos Colexiados

ANUNCIO

Con data de 26/06/2023 o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo:

Primeiro: A aprobación das seguintes contías por asistencias a órganos Colexiados da corporación:

- Asistencias a Plenos da corporación: 200 euros/sesión.
- Asistencias a Comisións Informativas: 150 euros/sesión.
- Asistencias a Comisión Especial de Contas: 150 euros/sesión.
- Asistencias á Xunta de Goberno Local: 300 euros/sesión.

Aboarase en todo caso por asistencias a órganos Colexiados da mesma clase un máximo de dous asistencias mensuais.

Segundo: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O que se publica para xeral coñecemento.

Oroso, 27 de xuño de 2023

O alcalde

Alexander Doval Expósito.

2023/5296



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Aprobación de dedicacións exclusivas e parciais dos cargos da Corporación

ANUNCIO

Con data de 26/06/2023 o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Determinar que o cargo de ALCALDE-PRESIDENTE do Concello de Oroso realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva con efectos económicos dende o día 27 de xuño de 2023 cunha retribución bruta anual de CUA-RENTA E OITO MIL QUINIENTOS (48.500,00) euros a percibir en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

SEGUNDO. Determinar que o cargo da CONCELLERÍA DELEGADA DE CULTURA, ENSINO, INFANCIA, XUVENTUDE, MULLER E IGUALDADE realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva con efectos económicos dende o día 27 de xuño de 2023 cunha retribución bruta anual de VINTESETE MIL (27.000,00) euros a percibir en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro .

TERCEIRO. Determinar que o cargo da CONCELLERÍA DELEGADA DE OBRAS, SERVIZOS E LIMPEZA realice as súas funcións en réxime de dedicación parcial con efectos económicos dende o día 27 de xuño de 2023 cunha retribución bruta anual de VINTE MIL (20.000,00) euros a percibir en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro

CUARTO. A xornada de traballo dos cargos a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva será a establecida con carácter ordinario para o persoal da corporación.

QUINTO. A dedicación mínima do cargo da CONCELLERÍA DELEGADA DE OBRAS, SERVIZOS E LIMPEZA será de 30 horas semanais en cómputo anual distribuídas de luns a venres variadas segundo as necesidades do servizo.

SEXTO. O desempeño dos cargos anteriormente mencionados en réxime de dedicación exclusiva ou parcial implica a necesidade de dar de alta ós seus titulares no réxime xeral da Seguridade Social asumindo o pagamento das cotas empresariais que corresponda.

SÉTIMO. A devindicación e pago das contías establecidas farase do mesmo xeito que as retribucións do persoal do concello e poderán serán aumentadas anualmente coa aprobación dos orzamentos anuais da corporación no porcentaxe máximo previsto da lei de orzamentos xerais do estado para os gastos de persoal do sector público.

OITAVO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia o acordo do Pleno, para os efectos do seu xeral coñecemento.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Oroso, 27 de xuño de 2023

O alcalde

Alexander Doval Expósito.

2023/5301